



OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES

EMPRESAS Y SOCIEDADES

SERVIZOS URBANOS MUNICIPAIS DE ARTEIXO S.A.

Aprobación padrón taxa suministro auga 1º trimestre 2026

ANUNCIO

Publicación da Resolución relativa ao asunto “APROBACION PADRON DE TAXAS DE AUGA E SANEAMENTO DO 1º TRIM. 2026”.

Por Resolución de data 14 de abril de 2026, ditada polo Director-Xerente de SERVIZOS URBANOS MUNICIPAIS DE ARTEIXO, S.A., D. José Manuel Álvarez-Campana Gallo, acordouse:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Padrón pola prestación do servizo público de subministración de auga potable a domicilio e subministración de auga no Polígono Industrial de Sabón, servizo de saneamento municipal, depuración de augas residuais e repercusión do canon de auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao **primeiro trimestre de 2026**, no que constan 17.966 recibos por importe de **UN MILLON QUINIENTOS NOVENTA E DOUS MIL QUINIENTOS CUARENTA E UN EUROS E OITENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (1.592.541,85€)**, segundo o seguinte detalle:

Cuota Agua	212.282,65 €
Consumo Agua	419.846,52 €
Iva Agua	63.230,11 €
Cuota sumidoiro	72.320,04 €
Consumo sumidoiro	224.792,91 €
Iva Sumidoiro	29.729,41 €
Manten. Contador	29.523,52 €
Iva manten contador	6.283,53 €
Edar Bens - Cuota fija	25.402,01 €
Edar Bens - Cuota variable	213.847,06 €
Iva Edar Bens	23.926,83 €
Cuota Canon da Agua	53.972,57 €
Consumo Canon da Agua	217.384,69 €
	1.592.541,85 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público todos os datos incorporados ao Padrón que é obxecto de aprobación mediante edicto que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na web de SUMARTE. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación no BOP, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da *Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria*.

TERCEIRO.- Fronte aos recibos incorporadas ao Padrón, os interesados poderán interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o órgano que o aproba no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón, segundo o disposto no artigo 14.2 do *Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais* e na *Resolución núm. 1923/2022* ditada o 31 de maio de 2022.

A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se achegue garantía suficiente nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O Recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses contados dende a notificación da resolución, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da *Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

CUARTO.- O prazo de pagamento en período voluntario será dende o **13 de abril de 2026 ao 18 de xuño de 2026**.

As formas de pago son as seguintes:

1.- Nas oficinas de SUMARTE, sitas na Trv. De Arteixo nº 249- 2ª Planta:

Con tarxeta bancaria: DE LUNS A VENRES en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

2.- Na ventanilla de Abanca nos días e horarios que teñan habilitados a tal fin, e tamén a través da súa rede de caixeiros ou mediante a banca electrónica das mesmas.

3.- Na web de SUMARTE, pinchando en “Pagos on line” (ABANCA) (<https://sumarte.gal/atencion-usuario/tramites/>)

Para os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada o vindeiro **17 de abril de 2026**.

As persoas usuarias dos servizos poderán solicitar un duplicado do recibo nas OFICINAS DE **SUMARTE**, sitas na Travesía de Arteixo núm. 249, 2ª planta ou por medio de correo electrónico a augas@sumarte.gal, antes do remate do prazo indicado, dado que a falta de recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento. Asemade, poderán interpoñer as reclamacións que estimen pertinentes ou solicitar canta información precisen en horario 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas, de luns a venres.

Advírteselles de que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

No que atinxe ao Canon da Auga, segundo establece o art. 49.7 do *Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais*, é de indicar que a falta de pagamento no período voluntario suporá a súa esixencia directa ao suxeito pasivo, por parte da Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia pola vía de constrinximento. Asemade, sinalar que a repercusión do Canon da Auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Arteixo, 14 de abril de 2026.

Asinado dixitalmente: José Manuel Álvarez-Campana Gallo

(Director-Xerente de SUMARTE, S.A.)

2026/2389